



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/18003

Feitos

Con data do 11.12.2025 José María Mesías Lema, nomeado representante das persoas traballadoras para a comisión de selección da praza 25/18003, de profesor/a axudante doutor/a da área de coñecemento de Didáctica das Ciencias Experimentais do departamento de Pedagogía e Didáctica, comunica que renuncia a formar parte da mesma.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024 establece que nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O artigo 6.10 da citada normativa indica que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impidise a súa actuación, como é este caso.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Representante das persoas traballadoras: substitúese a José María Mesías Lema por Adela Milagro Reig Botella, proposta polo comité de empresa o 15.12.2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández